

Programación Didáctica

Departamento de Matemáticas do CPI Antonio Orza Couto

CURSO 2021-22

ÍNDICE DE CONTIDOS

Introdución	5
Contextualización do centro	6
Composición do Departamento	7
Obxectivos da Etapa	8
Concreción dos obxectivos por Área ou Materia	10
Matemáticas 1º da ESO	10
Matemáticas de 2º da ESO	11
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas de 3º da ESO	13
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 3º da ESO	15
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas de 4º da ESO	16
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 4º da ESO	18
Metodoloxía	20
Contribución das Matemáticas á adquisición das Competencias Clave	21
Competencia de Comunicación Lingüística (CCL)	22
Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencias e Tecnoloxía (CMCCT)	22
Competencia Dixital (CD)	23
Competencia Social e Cívica (CSC)	23
Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)	24
Competencia de Conciencia e Expresión Cultural (CCEC)	25
Competencia de Aprender a Aprender (CAA)	25
Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados por unidades e cursos	26
MATEMÁTICAS 1º ESO	27
MATEMÁTICAS 2º ESO	39
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS 3º ESO	49
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS APLICADAS 3º ESO	62

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 4º ESO	74
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 4º ESO	85
Temporalización	94
Avaliación e cualificación	96
Procedementos e instrumentos de avaliación.....	96
Criterios de cualificación.....	97
Recuperacións	98
Criterios para a cualificación final	98
Avaliación final extraordinaria	98
Indicadores de competencias básicas	98
Mínimos esixibles para unha avaliación positiva	99
Plan de traballo para a superación de materias pendentes.....	99
Medidas de Atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE)	100
Elementos Transversais.....	100
Actividades complementarias e extraescolares.....	102
Aportacións ao Plan de Convivencia	103
Aportacións ao Proxecto de Educación Dixital	104
Aportacións ao Proxecto Lector	105
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino aprendizaxe e a práctica docente	106
Incorporación das propostas de mellora na Memoria do curso pasado.....	108
ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID-19 no curso 2021/22	110
Obxectivo desta adaptación	110
Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que non se impartiron no 2020/21	110
Análise e valoración dos resultados da valoración inicial no 2021/22.....	110
Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do curso 2021/22	111
Temporalización	112

Adaptacións necesarias á docencia non presencial.....	112
Revisión do desenvolvemento da addenda.....	113

INTRODUCCIÓN

A presente programación didáctica ten o seu marco legal no decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 6 e 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 3 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Asimesmo, téñense en conta as disposicións legais ocasionadas pola pandemia do COVID 19, o Regulamento de Réxime Interno do Centro e o Proxecto Curricular do Centro.

O seguimento da programación realizarase mensualmente, valorando a adecuación de criterios establecidos e o grao de desenvolvemento da planificación.

CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O CPI Antonio Orza Couto está situado no Concello de Boqueixón, no lugar do Forte. Situado ao sur da provincia da Coruña (na comarca de Santiago), este concello ocupa unha extensión de 73,2 km² e nel viven 4.206 habitantes (segundo o Nomenclator 2020 publicado polo Instituto Galego de Estatística, IGE) repartidos en 14 parroquias. Xeograficamente, o concello linda ao norte con Santiago de Compostela, ao leste con O Pino, Touro e Vila de Cruces, ao oeste con Vedra e ao sur con Silleda e A Estrada, limitando así coa provincia de Pontevedra. É un concello de interior e a economía das familias ven determinada pola polarización que supón a proximidade de Compostela, con explotacións agrarias, gandeiras e forestais.

Ao tratarse dun Centro Público Integrado, impártense tódolos cursos dende 4^o de educación infantil ata 4^o de secundaria, contando con edificios separados para cada nivel educativo. O dedicado a secundaria é un edificio de recente creación (1998-99), que dispón de, entre outras instalacións, dunha aula de informática.

Neste curso 2021/22 haberá uns 104 alumnos en educación secundaria. Cómpre destacar que os cursos de 1^o a ESO dispoñen de ordenadores procedentes do proxecto Edixgal, ao que se incorporou o centro neste curso académico.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O departamento de matemáticas estará conformado por Marco Antonio Figueroa Rodríguez, que exercerá tamén como xefe de departamento, e máis Ana Ferro Carrillo.

Matemáticas de 1º da ESO constará dun grupo de 23 alumnos e unha carga horaria de 5 horas semanais por cada grupo. A profesora de matemáticas deste grupo será Ana Ferro Carrillo.

Matemáticas de 2º da ESO, con dous grupos (2ºA con 15 alumnos, e 2ºB con 16 alumnos) e unha carga horaria de 5 horas semanais por cada grupo. O profesor será Marco Antonio Figueroa Rodríguez.

Reforzo de Matemáticas para 1º e 2º da ESO, cunha carga horaria de 1 hora semanal para cada grupo. Impartida pola profesora Ana Ferro Carrillo.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas de 3º da ESO, cun único grupo de 21 alumnos e unha carga horaria de 4 horas semanais. Impartida por Marco Antonio Figueroa Rodríguez.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 3º da ESO, cun único grupo de 5 alumnos e unha carga horaria de 4 horas semanais. Impartida por Ana Ferro Carrillo.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas de 4º da ESO, cun único grupo de 17 alumnos e unha carga horaria de 4 horas semanais. Impartida por Marco Antonio Figueroa Rodríguez.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 4º da ESO, cun único grupo de 7 alumnos e unha carga horaria de 4 horas semanais. Impartida por Ana Ferro Carrillo.

OBXECTIVOS DA ETAPA

A ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenrolar e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenrolar destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenrolar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o

sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a

CONCRECIÓN DOS OBOECTIVOS POR ÁREA OU MATERIA

Matemáticas de 1º ESO

Incorporar a terminoloxía matemática á linguaxe cotiá co fin de mellorar o rigor e a precisión na comunicación.

Identificar e interpreta-los elementos matemáticos presentes na información que chega do entorno (medios de comunicación, publicidade...), analizando criticamente o papel que desempeñan.

Incorpora-los números negativos ó campo numérico coñecido, realiza-las operacións básicas con números fraccionarios, incorporando e afondando no coñecemento das operacións con números decimais.

Iniciar o estudo das relacións de divisibilidade e de proporcionalidade, incorporando os recursos que ofrecen á resolución de problemas aritméticos.

Utilizar con soltura o Sistema Métrico Decimal (lonxitude, peso, capacidade, superficie...).

Formular conxecturas e comprobalas na realización de pequenas investigacións.

Iniciar ó alumnado na utilización de formas de pensamento lóxico na resolución de problemas.

Empregar estratexias de elaboración persoal para o análise de situacións concretas e a resolución de problemas.

Organizar e relacionar informacións diversas de cara á consecución dun obxectivo o á resolución dun problema do entorno das Matemáticas o da vida cotiá.

Clasificar aqueles aspectos da realidade que permitan analizala e interpretala, utilizando sinxelas técnicas de Recollida, xestión e representación de datos.

Recoñecer a realidade como diversa e susceptibles de ser interpretada desde distintos puntos de vista e analizada relacións segundo diversos criterios e graos de profundidade.

Identificar as formas e as figuras planas, analizando súas propiedades e súas relacións xeométricas.

Utilizar métodos de experimentación manipulativa e gráfica como medio de investigación en xeometría.

Utilizar os recursos tecnolóxicos con sentido crítico, como axuda na aprendizaxe e nas aplicacións instrumentais das matemáticas.

Actuar nas actividades matemáticas de acordo con modos propios de matemáticos, como a exploración sistemática de alternativas, a flexibilidade para cambiar de punto de vista, a perseveranza na busca de solucións, o recurso á particularización, á sistematización, etc.

Descubrir e apreciar as súas propias capacidades matemáticas para afrontar situacións nas que as necesiten.

Matemáticas de 2º ESO

Resolver problemas utilizando os recursos e as estratexias necesarios, deixando constancia dos pasos seguidos.

Xerar, mediante diferentes métodos (dedución, indución...) padróns, regularidades e leis matemáticas en distintos contextos.

Xerar diferentes problemas a partir doutro xa resolto.

Aplicar o método científico en diferentes situacións de investigación, achegando

informes de resultados e conclusións destes.

Resolver problemas da vida cotiá aplicando os contidos traballados.

Descubrir as fortalezas e as debilidades matemáticas persoais.

Afrontar a toma de decisións como un proceso de crecemento persoal e de orientación cara ao futuro e valorar a súa aplicación en contextos matemáticos.

Utilizar as TIC en contextos matemáticos como ferramentas para a realización de cálculos, comprobación de resultados, representacións gráficas, simulacións, etc.

Seleccionar a información necesaria para resolver problemas da vida cotiá con autonomía e sentido crítico.

Utilizar de forma adecuada os diferentes tipos de números para resolver problemas da vida diaria, aplicando correctamente as súas operacións e a prioridade destas.

Desenvolver estratexias de cálculo mental que faciliten e axilicen o uso de diferentes tipos de números.

Aplicar técnicas de cálculo para resolver problemas de proporcionalidade en situacións da vida real.

Utilizar con destreza a calculadora, programas informáticos, etc., como medio para facilitar os cálculos, comprobar operacións, descubrir padróns, etc.

Empregar estratexias de análise de datos na resolución de problemas.

Resolver problemas utilizando ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de ecuacións.

Utilizar adecuadamente o teorema de Pitágoras para calcular lados descoñecidos en figuras xeométricas.

Coñecer e aplicar o concepto de semellanza entre figuras xeométricas.

Coñecer as características principais dos corpos xeométricos (poliedros, corpos de revolución e poliedros regulares).

Calcular áreas e volumes de figuras xeométricas.

Representar funcións a partir da súa expresión analítica ou dunha táboa de valores.

Interpretar e analizar adecuadamente unha función lineal en contextos reais.

Tabular datos dunha distribución estatística e representalos graficamente.

Calcular os parámetros estatísticos básicos dunha distribución estatística e interpretalos adecuadamente en cada contexto.

Resolver situacións nas que interveñan conceptos de aleatoriedade e probabilidade.

Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas de 3º ESO

Identificar e expresar os pasos para a resolución de diferentes tipoloxías de problemas.

Coñecer e utilizar diferentes estratexias para a resolución de problemas.

Analizar e describir distintas situacións para poder facer predicións.

Partir de problemas resoltos e afondar en diferentes cuestións e contextos próximos ao alumno.

Coñecer, identificar e desenvolver procesos nos que as matemáticas están presentes na realidade cotiá do alumno.

Identificar, cultivar e desenvolver as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.

Identificar os bloqueos emocionais ante os problemas atopados.

Tomar decisións sobre situacións que acontecen na vida cotiá do alumno.

Coñecer e utilizar as ferramentas tecnolóxicas para realizar cálculos diferentes.

Empregar as Tecnoloxías da Información e Comunicación no seu proceso de aprendizaxe desde unha análise e busca de información adecuados para facilitar a interacción.

Utilizar as propiedades dos números racionais en operacións a través do cálculo adecuado na resolución de problemas.

Manexar expresións simbólicas en situacións numéricas ante casos sinxelos que inclúan patróns recursivos.

Coñecer e empregar a linguaxe alxébrica para expresar enunciados sacando a información relevante e transformándoa.

Resolver problemas do día a día a través de formulacións de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas.

Identificar e describir as características das figuras planas e dos corpos xeométricos elementais coas súas configuracións xeométricas.

Coñecer e utilizar o teorema de Tales, as fórmulas para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles obtendo as medidas de lonxitudes, áreas e volumes dos corpos tomados do contexto real.

Facer cálculos das dimensións reais de figuras dadas en mapas ou planos coñecendo a escala.

Identificar as transformacións dunha figura a outra mediante movemento no plano, analizando deseños cotiáns, obras de arte e configuracións da natureza.

Identificar centros, eixes e planos de simetría de figuras planas e de poliedros.

Coñecer o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos.

Identificar os elementos do estudo das funcións e a súa representación gráfica.

Identificar e recoñecer situacións de relación funcional da vida cotiá que se describen mediante funcións cuadráticas e calcular os seus parámetros e características.

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas de 3º ESO

Verbalizar o proceso seguido na resolución de problemas.

Realizar as comprobacións e os cálculos necesarios no razoamento e resolución de problemas.

Analizar situacións de cambio a través de procedementos matemáticos para establecer hipóteses e predicións.

Reformular problemas matemáticos sobre a base doutras situacións e contextos.

Realizar procesos de investigación achegando informes de conclusións e resultados.

Aplicar as matemáticas a situacións problemáticas cotiás.

Desenvolver as habilidades e as actitudes matemáticas.

Identificar os bloqueos emocionais ante os bloqueos atopados.

Tomar decisións sobre situacións que acontecen na vida cotiá do alumno.

Coñecer e utilizar as ferramentas tecnolóxicas pertinentes para realizar cálculos diferentes.

Utilizar o cálculo con números racionais para resolver problemas da vida diaria.

Manexar o simbolismo para descifrar sucesións numéricas en casos sinxelos.

Expresar propiedades ou relacións a través da linguaxe alxébrica.

Resolver problemas da vida cotiá utilizando distintas operacións matemáticas, aplicando técnicas alxébricas e valorando e contrastando os resultados.

Identificar as características de figuras planas e corpos xeométricos.

Manexar o teorema de Tales na aplicación a medicións en exemplos da vida real.

Recoñecer os movementos no plano nas transformacións das figuras.

Manexar os centros, os eixes e os planos de simetría con figuras planas e poliedros.

Aplicar na localización de puntos as coordenadas gráficas.

Representar graficamente as funcións e os elementos que interveñen niso.

Recoñecer o modelo lineal nas relacións da vida cotiá para describir fenómenos.

Identificar relacións funcionais descritas a través dos parámetros e das características das funcións cuadráticas.

Utilizar gráficas e táboas na elaboración de informes estatísticos.

Resumir e comparar datos estatísticos a través do cálculo e da interpretación de parámetros de posición e dispersión.

Analizar a información dos medios de comunicación a través da estatística.

Realizar estimacións en experimentos sinxelos calculando probabilidade, frecuencia...

Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas de 4º ESO

Resolver problemas utilizando os recursos e as estratexias necesarios para iso, e indicando o proceso seguido en cada caso.

Facer predicións utilizando padróns, regularidades e leis matemáticas en distintos contextos matemáticos.

Xerar variacións nos problemas xa resoltos co fin de afondar neles.

Realizar procesos de investigación achegando informes de resultados e conclusións.

Aplicar as matemáticas á vida cotiá.

Utilizar diferentes estratexias na resolución de problemas da vida cotiá.

Descubrir as fortalezas e as debilidades matemáticas persoais.

Desenvolver a resiliencia na resolución de situacións novas.

Afrontar a toma de decisións como un proceso de crecemento persoal e de orientación cara ao futuro, e valorar a súa aplicación en contextos matemáticos.

Utilizar con destreza a calculadora, programas informáticos, etc., como medio para facilitar os cálculos, comprobar operacións, descubrir padróns, etc.

Seleccionar a información necesaria para resolver problemas da vida cotiá con autonomía e sentido crítico.

Utilizar de forma adecuada os diferentes tipos de números para resolver problemas da vida cotiá, aplicando correctamente as súas operacións e a prioridade destas.

Traducir eficazmente enunciados de problemas relacionados coa vida cotiá á linguaxe alxébrica.

Dominar o manexo razoado de polinomios e fraccións alxébricas.

Utilizar ecuacións, inecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos en contextos da vida real.

Representar relacións cuantitativas e cualitativas a través de diferentes tipos de

funcións e interpretar os resultados obtidos a partir de táboas, gráficas...

Coñecer os conceptos básicos da semellanza e aplicalos á resolución de problemas.

Resolver problemas trigonométricos utilizando as razóns trigonométricas fundamentais e as súas relacións.

Afondar no coñecemento de configuracións xeométricas sinxelas a través da xeometría analítica plana.

Analizar e interpretar datos estatísticos extraídos a partir dos diferentes medios de comunicación.

Utilizar diferentes medios de representación estatística en distribucións unidimensionais.

Coñecer e utilizar algunhas estratexias combinatorias básicas, e utilízalas para resolver problemas.

Resolver problemas de probabilidade simple e composta utilizando adecuadamente a lei de Laplace, táboas de continxencia, diagramas de árbore...

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas de 4º ESO

Resolver problemas utilizando os recursos e as estratexias necesarios para iso, e indicando o proceso seguido en cada caso.

Facer predicións utilizando padróns, regularidades e leis matemáticas en distintos contextos matemáticos.

Xerar variacións nos problemas xa resoltos co fin de afondar neles.

Realizar procesos de investigación achegando informes de resultados e conclusións.

Aplicar as matemáticas á vida cotiá.

Descubrir as fortalezas e as debilidades matemáticas persoais.

Desenvolver a resiliencia na resolución de situacións novas.

Afrontar a toma de decisións como un proceso de crecemento persoal e de orientación cara ao futuro, e valorar a súa aplicación en contextos matemáticos.

Utilizar con destreza a calculadora, programas informáticos, etc., como medio para facilitar os cálculos, comprobar operacións, descubrir padróns, etc.

Seleccionar a información necesaria para resolver problemas da vida cotiá con autonomía e sentido crítico.

Utilizar de forma adecuada os diferentes tipos de números para resolver problemas da vida cotiá, aplicando correctamente as súas operacións e a prioridade destas.

Utilizar as magnitudes e as unidades de medida adecuadas en cada situación ao enfrontarse a un problema matemático.

Dispoñer de recursos para analizar e manexar situacións problemáticas e aplicar procedementos específicos para resolvelas.

Traducir eficazmente enunciados de problemas relacionados coa vida cotiá á linguaxe alxébrica.

Manexar razoadamente polinomios e fraccións alxébricas.

Utilizar ecuacións e sistemas para resolver problemas en contextos da vida real.

Representar relacións cuantitativas e cualitativas a través de diferentes tipos de funcións e interpretar os resultados obtidos a partir de táboas, gráficas...

Coñecer os conceptos básicos sobre semellanza, teorema de Pitágoras, áreas de figuras planas e áreas e volumes de corpos xeométricos, e aplicarlos á resolución de

problemas.

Describir, utilizando un vocabulario adecuado, situacións extraídas de contextos comunicativos da realidade sobre o manexo do azar e a estatística.

Analizar e interpretar datos estatísticos extraídos de diferentes medios de comunicación.

Utilizar diferentes medios de representación estatística en distribucións unidimensionais.

Coñecer as distribucións bidimensionais, representalas e valorar a correlación.

Resolver problemas de probabilidade simple e composta utilizando adecuadamente a Lei de Laplace, táboas de dobre entrada, diagramas de árbore...

METODOLOXÍA

A metodoloxía proposta basease nunha ensinanza constructivista, na que mediante pequenos aprendizaxes significativos o alumnado sexa capaz de descubrir coñecementos coa guía do profesor.

Cada tema comezará valorando as ideas previas de cada alumno/a, comentando algunha circunstancia de introdución ao tema. Posteriormente o profesor ou profesora realizará unha exposición teórica dos contidos na que intente acadar a participación do alumnado mediante dúbidas, comentarios e aportacións persoais, fomentando a exposición de ideas e o debate entre contrarios.

Como guías de referencia común, a modo de fío argumental no que os alumnos poidan poidan ubicarse e atopar exercicios relacionados, usaremos os **libros de texto**. Así, en 1º ESO será un libro virtual da plataforma EDIXGAL, nas matemáticas aplicadas

de 3º e 4º ESO utilizaranse os libros en papel da editorial Anaya, e no resto de asignaturas proporcionarase apuntes teóricos que inclúen exercicios resoltos (a modo de exemplo) e tamén propostos.

O uso das **Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)** axudaranos a ubicar os coñecementos matemáticos no tempo presente, por medio das calculadoras, os móbiles e os ordenadores.

Destacamos tamén que, seguindo o decreto lingüístico actualmente vixente, a materia de matemáticas deberá ser impartida en castelán en tódolos cursos.

CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

En liña coa definición dada no decreto curricular autonómico e seguindo as definicións dadas dende o documento de recomendacións do Parlamento Europeo e o Consello sobre o ensino por competencias, entendemos por **competencias** como o conxunto de habilidades, capacidades e aptitudes que posúe unha persoa para poder enfrontarse a unha situación ou problema determinados de tipo persoal, profesional ou social, aplicando para isto os coñecementos adquiridos ao longo dunha etapa educativa determinada. O conxunto de tódalas habilidades fundamentais que debe ter toda persoa para os fins citados, denominaranse co nome de **competencias clave**.

De acordo co disposto na LOMCE, as competencias clave forman parte das ensinanzas mínima da educación obrigatoria, xunto cos obxectivos de área, os contidos e os criterios de avaliación. Como norma, cada unha das áreas debe contribuír ao desenvolvemento de diferentes competencias e, a súa vez, cada competencia alcanzarse como consecuencia do traballo en varias áreas o materias. Unicamente deste xeito se pode garantir que os aprendizaxes colaboren de xeito efectivo, na medida en que se integren na estrutura global do coñecemento e se facilite a súa aplicación a unha gran variedade de situacións.

A lei establece 7 competencias clave. Procedemos agora a puntualizar a contribución

da materia ás diferentes competencias:

Competencia de Comunicación Lingüística (CCL)

Consiste na capacidade para transmitir e interpretar conceptos e ideas de maneira oral e escrita, así como para interactuar lingüisticamente nunha conversa de carácter variado. En definitiva, saber falar, escoitar, ler, escribir, ter vocabulario, comprensión lectora, etc.

O traballo nesta competencia centrarase nos seguintes puntos:

A lectura e comprensión de enunciados de problemas, así como na expresión dos procedementos empregados na resolución dos mesmos.

Uso do léxico propio das matemáticas, valorando o linguaxe sintético, simbólico e abstracto do linguaxe matemático.

Poder extraer información numérica dun texto, así como poder expresar ideas e conclusións que conteñan información numérica con claridade.

Saber describir e dar explicacións científicas sobre figuras e conceptos xeométricos.

Competencia Matemática e Competencias en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)

Consiste na capacidade para aplicar o razoamento matemático e científico para resolver problemas da vida cotiá, así como para poder extraer conclusións de xeito razoado a través de probas.

Esta competencia é fundamental nesta materia, destacando a concepción da materia como un saber integrado. Este espírito integrador está presente no decreto curricular, incluíndose un primeiro bloque titulado "**Procesos, métodos e actitudes en matemáticas**", tratándose dun bloque transversal no que se traballan todas as habilidades necesarias para desenvolver esta competencia.

Puntualizaremos a contribución do traballo nos seguintes puntos:

Razoar matematicamente e comprender unha argumentación matemática.

Usar as ferramentas axeitadas para obter conclusións e reducir a incertidume para enfrontarse a situacións cotiás.

Discriminar formas, relacións e estruturas xeométricas, desenvolvendo a visión espacial.

Elaborar modelos, identificando as características máis relevantes dunha situación real para representala simbolicamente e determinando pautas de comportamento para poder realizar predicións sobre a evolución, a precisión e as limitacións dun modelo.

Valorar números e operacións como medio para describir acontecementos cotiás.

Recoñecer figuras xeométricas no plano ou no espazo en elementos do mundo natural, usando coñecementos sobre áreas, perímetros e volumes para describir distintos fenómenos da natureza.

Empregar información proporcionada por táboas, gráficas ou datos estatísticos, para describir elementos da realidade, así como utilizar linguaxes gráficos e estatísticos, interpretando neles a realidade expresada nos medios de comunicación.

Competencia Dixital (CD)

Consiste na habilidade para usar, dun xeito seguro e responsable, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). O traballo nesta competencia centraranse nos seguintes puntos:

Usar a calculadora como ferramenta que facilita os cálculos mecánicos.

Usar programas informáticos como axuda na resolución de problemas diversos.

Competencia Social e Cívica (CSC)

Esta competencia recolle tódalas formas de comportamento que debe ter calquera persoa para participar na sociedade e no mundo profesional dun xeito axeitado e

construtivo. Para traballar esta competencia, centrarémonos nos seguintes puntos:

Valorar os puntos de vista alleos como formas alternativas para abordar unha situación.

Recoñecer o valor dos números na nosa sociedade.

Dominar conceptos matemáticos cotiáns importantes para as relacións humanas.

Desenvolvemento de habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.

Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)

Referida á capacidade de traballo autónomo do alumno ou alumna, sendo este capaz de transformar ideas en actos. Destacamos o traballo nesta competencia nos seguintes puntos:

Establecer conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.

Desenvolver actitudes para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).

Realización de traballos e proxectos en equipo.

Toma de decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade, fomentando a autonomía e a iniciativa persoal

Emprego de ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.

Planificar estratexias e asumir retos que contribúan a convivir coa incertidume.

Analizar procesos matemáticos relacionados con números e concluír razoamentos inacabados.

Competencia de Conciencia e Expresión Cultural (CCEC)

Capacidade para apreciar a importancia das expresións creativas, experiencias e emocionais da música, da pintura, da escultura ou do cine, entre outros. Destacamos os seguintes puntos no traballo desta competencia:

Apreciar a beleza das estruturas artísticas creadas con formas xeométricas e simetrías, aproveitando o coñecemento da xeometría plana e espacial para crear ou describir distintos elementos artísticos.

Reflexionar sobre a forma de facer matemáticas noutras culturas (antigas ou actuais) como complementarias ás nosas.

Recoñecer elementos numéricos en distintas manifestacións artísticas.

Coñecer distintas unidades de medida tradicionais e valorar as culturas en que se utilizaban.

Competencia de Aprender a Aprender (CAA)

Consiste na habilidade para iniciar e manter o aprendizaxe, de maneira que se poida xestionar de xeito autónomo. O traballo nesta competencia resulta fundamental en calquera disciplina, resaltando os seguintes puntos:

Reflexionar sobre a necesidade de adquirir coñecementos sobre números para poder avanzar no seu aprendizaxe.

Valorar o aprendizaxe de razoamentos matemáticos e procedementos adquiridos como fonte de coñecementos futuros.

Aprender a autoavaliar os coñecementos adquiridos.

Ser consciente dos erros cometidos no razoamento na resolución de problemas, en función do contexto do problema.

Aprender a valorar o álgebra como medio de simplificar procedementos e razoamentos.

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES POR MATERIA

Os contidos da área de Matemáticas na ensinanza secundaria obrigatoria, así como os diferentes criterios e estándares de aprendizaxe, agruparanse nunha serie de bloques de contido: Bloque 1, procesos, métodos e actitudes en matemáticas; Bloque 2, números e álgebra; Bloque 3, xeometría; Bloque 4, funcións; e Bloque 5, estatística e probabilidade.

Especial atención merece o primeiro, xa que se trata dun bloque de contidos transversais aos outros bloques, como a resolución de problemas, o manexo das TIC, o traballo en equipo ou a modelización matemática de fenómenos do entorno entre outros. Por este motivo, este bloque será traballado de forma conxunta cos bloques restantes e ao longo de todo o curso académico. E é que, ademais dos contidos propios da materia, o alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan interiorizar unha cultura científica e matemática, sendo, deste xeito, capaces de identificarse como axentes activos.

A continuación, procedemos a detallar os devanditos contidos, criterios de avaliación e estándares por cada unha das áreas de docencia adscritas a este departamento. Incluiremos unha relación dos diferentes estándares e o grao mínimo de consecución dos mesmos, así como unha relación de procedementos e instrumentos empregados para avaliar cada estándar.

RELACIÓN DE ESTÁNDARES CO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN DELES, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS 1º ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas							
f h	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT	Expresa e xustifica verbalmente a resolución dun problema.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Probos escrita Caderno de clase Folla de observacións
e f h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CMCCT	Formula problemas numéricos. Traduce enunciados moi sinxelos a linguaxe alxébrica.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Probos escrita Caderno de clase Folla de observacións
			MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT	Formula problemas.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Probos escrita Caderno de clase Folla de observacións
			MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.	CMCCT	Estima as solucións dunha raíz cadrada e o valor decimal dunha fracción.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Probos escrita Caderno de clase Folla de observacións
			MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	CMCCT CAA	Resolve problemas de números ou diminucións porcentuais e de proporcionalidade mediante a codificación do enunciado nunha ecuación.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Probos escrita Caderno de clase Folla de observacións
b e f g h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	CMCCT CCEC	Identifica leis matemáticas en contextos diversos.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Probos escrita Produtos dalgún proxecto Caderno de clase
			MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	CMCCT	Utiliza as leis matemáticas achadas para resolver problemas e exercicios.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Probos escrita Produtos dalgún proxecto Caderno de clase Folla de observacións
b	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos	B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas,	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os	CMCCT	Resolve problemas moi sinxelos mediante: codificación do enunciado nunha ecuación,	2ª Avaliación	Caderno de clase. Folla de

MATEMÁTICAS 1º ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
e f	resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	outros contextos, etc.	pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.		resolución da ecuación e interpretación da solución.	3ª Avaliación	observacións.
			MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA	Resolve e analiza problemas.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Caderno de clase. Folla de Observacións.
b f h	B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT	Expón e argumenta os exercicios e problemas feitos, con diferentes linguaxes.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Caderno de clase. Actividades propostas.
a b c d e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC	Identifica situacións formulando problemas.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas.
			MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos subxacentes nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE	Identifica situacións formulando problemas.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas. Caderno de clase.
			MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT	Identifica situacións formulando problemas.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas. Caderno de clase.
			MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT	Realiza a conversión entre números decimais e fraccionarios e simplifica fraccións en problemas varios segundo sexa a natureza da solución.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Probas escritas. Actividades propostas. Folla de Observacións.
			MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT	Identifica situacións formulando problemas.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas.
b	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá,	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando	CMCCT	Identifica o proceso de resolución dos problemas valorando outras opinións.	1ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto.

MATEMÁTICAS 1º ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
e f g	contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	outras opinións.	CAA CSC		2ª Avaliación 3ª Avaliación	Actividades propostas.
a b c d e f g l m ñ o	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao que facer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC	Realiza exercicios e problemas, e participa na aula.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas.
			MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT	Realiza exercicios e problemas, e participa na aula.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas.
			MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CMCCT	Resolve problemas e exercicios, distinguíndoos.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas. Caderno de clase.
			MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	CMCCT CAA CEEC	Realiza exercicios e problemas, e participa na aula.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas.
			MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE CSC	Realiza exercicios e problemas, e participa na aula, respectando os argumentos alleos.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto.
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE	Formula problemas.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas.
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.	CMCCT CAA	Analiza os erros e corríxeos.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto. Actividades propostas. Caderno de clase.
e f g	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e organización de datos. Elaboración e creación de representacións	B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando	MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD	Utiliza a calculadora e ou ordenador no momento axeitado.	1ª Avaliación 2ª Avaliación 3ª Avaliación	Probas escritas. Actividades propostas. Caderno de clase.

MATEMÁTICAS 1º ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
e f	B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos. B3.5. Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.	B3.2. Utilizar aplicacións informáticas de xeometría dinámica, representando corpos xeométricos e comprobando, mediante interacción con ela, propiedades xeométricas.	MAPB3.2.1. Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas.	CMCCT	Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes. Resolve problemas xeométricos do mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para resolver e	2ª Avaliación 3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto Probas escritas Actividades propostas Caderno de clase

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSIANZAS APLICADAS 4º DE ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
					visualizar problemas xeométricos.		
Bloque 4. Funcións							
b e f g h	<p>B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica.</p> <p>B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e exponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais.</p> <p>B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.</p> <p>B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.</p>	<p>B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica, de datos numéricos ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.</p>	<p>MAPB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.</p>	CMCCT	Identifica e explica relacións entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa e exponencial.</p>	CMCCT	Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa e exponencial.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade).</p>	CMCCT	Identifica, estima ou calcula elementos característicos máis básicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos e continuidade).	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno, a partir da análise da gráfica que o describe ou dunha táboa de valores.</p>	CMCCT	Interpreta e describe un fenómeno a partir da análise dunha gráfica ou dunha táboa de valores.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB4.1.5. Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.</p>	CMCCT	Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais.</p>	CMCCT	Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
e f g h	<p>B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica.</p> <p>B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e</p>	<p>B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais, obtendo información sobre o seu comportamento, a súa evolución e os posibles resultados finais.</p>	<p>MAPB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.</p>	CMCCT	Interpreta datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 4º DE ESO

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<p>exponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais.</p> <p>B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.</p> <p>B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.</p>		<p>MAPB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas.</p>	CMCCT	Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan, utilizando tanto lapis e papel como medios informáticos.</p>	CMCCT	Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica, utilizando para isto os medios máis axeitados.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB4.2.4. Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos, e xustifica a decisión.</p>	CMCCT	Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB4.2.5. Utiliza con destreza elementos tecnolóxicos específicos para debuxar gráficas.</p>	CMCCT	Utiliza ferramentas tecnolóxicas, xa sexan calculadoras gráficas ou programas informáticos, para debuxar gráficas.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
Bloque 5. Estatística e probabilidade							
a c d e f g h m	<p>B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).</p> <p>B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión.</p> <p>B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.</p> <p>B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación.</p> <p>B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.</p> <p>B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a Regra de Laplace.</p> <p>B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore.</p> <p>B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.</p>	<p>B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).</p>	<p>MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.</p>	<p>CCL</p> <p>CMCCT</p>	<p>Describe situacións relacionadas co azar e a estatística utilizando un vocabulario axeitado.</p>	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.</p>	CMCCT	Reflexiona sobre os posibles resultados de experimentos aleatorios e sobre a coherencia dos seus cálculos ao respecto.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos.</p>	CMCCT	Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos.	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p> <p>Probas escritas</p> <p>Actividades propostas</p> <p>Caderno de clase</p>
			<p>MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir</p>	CMCCT	Fai unha análise crítica de táboas e gráficas	3ª Avaliación	<p>Produtos obtidos dalgún proxecto</p>

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS APLICADAS 4º DE ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
			de situacións concretas próximas.		estadísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).		Probas escritas Actividades propostas Caderno de clase
b e g	<p>B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estadísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).</p> <p>B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión.</p> <p>B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.</p> <p>B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación.</p> <p>B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estadísticos.</p>	B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estadísticos, así como os parámetros estadísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folia de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.	MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.	CMCCT	Distingue entre variables estadísticas discretas e continuas e é capaz de tratar os datos en función de cada caso.	3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto Probas escritas Actividades propostas Caderno de clase
			MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas.	CMCCT	Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas.	3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto Probas escritas Actividades propostas Caderno de clase
			MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estadísticos (media aritmética, recorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folia de cálculo.	CMCCT	Calcula os parámetros estadísticos (media aritmética, recorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folia de cálculo.	3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto Probas escritas Actividades propostas Caderno de clase
			MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estadísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.	CMCCT	Representa graficamente datos estadísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.	3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto Probas escritas Actividades propostas Caderno de clase
b f	<p>B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.</p> <p>B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace.</p> <p>B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore.</p>	B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de recuento como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.	MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o recuento de casos.	CMCCT	Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace en experimentos sinxelos nos que sexa doado o recuento dos casos.	3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto Probas escritas Actividades propostas Caderno de clase
			MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	CMCCT	Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos, con experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	3ª Avaliación	Produtos obtidos dalgún proxecto Probas escritas Actividades propostas Caderno de clase

TEMPORALIZACIÓN

Esta é a temporalización prevista, que pode mudar en función da marcha do proceso de ensinanza aprendizaxe, e que este curso está condicionada por factores extraordinarios orixinados que puideran xurdir con motivo da pandemia de COVID 19.

MATEMÁTICAS 1º ESO

1ª AVALIACIÓN	1. Os números naturais 10 sesións	2. Potencias e raíces 10 sesións	3. Divisibilidade 10 sesións	4. Números enteiros 9 sesións	5. Números decimais 10 sesións	6. Sistema métrico decimal 8 sesións
2ª AVALIACIÓN	7. Fraccións 8 sesións	8. Operacións con fraccións 9 sesións	9. Proporcionalidade 10 sesións	10. Álgebra 16 sesións		
3ª AVALIACIÓN	11. Rectas e ángulos 10 sesións	12. Figuras xeométricas 9 sesións	13. Áreas e perímetros 9 sesións	14. Gráficas de funcións 11 sesións	15. Estatística e Probabilidade 11 sesións	

MATEMÁTICAS 2º ESO

1ª AVALIACIÓN	1. Os números naturais 12 sesións	2. Os números enteiros 6 sesións	3. Fraccións e números decimais 12 sesións	4. Operacións con Fraccións 13 sesións	5. Proporcionalidade e porcentaxes 11 sesións
2ª AVALIACIÓN	6. Álgebra 11 sesións	7. Ecuacións 9 sesións	8. Sistemas de Ecuacións 8 sesións	9. Teorema de Pitágoras 6 sesións	10. Semellanzas 8 sesións
3ª AVALIACIÓN	11. Corpos Xeométricos 9 sesións	12. Medidas de Volume 11 sesións	13. Funcións 13 sesións	14. Estatística 9 sesións	15. Azar e probabilidade 8 sesións

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 3º ESO

1ª AVALIACIÓN	1. Fraccións e números decimais 10 sesións	2. Potencias e raíces 12 sesións	3. Problemas Aritméticos 9 sesións	4. Progresións 14 sesións		
2ª AVALIACIÓN	5. Linguaxe alxébrico 10 sesións	6. Ecuacións 7 sesións	7. Sistemas de ecuacións 6 sesións	8. Funcións e Gráficas 7 sesións	9. A función lineal e a función cadrática 6 sesións	
3ª AVALIACIÓN	10. Problemas métricos no plano 8 sesións	11. Corpos xeométricos 8 sesións	12. Transformacións xeométricas 6 sesións	13. Táboas e gráficas estadísticas 6 sesións	14. Parámetros estadísticos 6 sesións	15. Azar e probabilidade 7 sesións

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 3º ESO

1ª AVALIACIÓN	1. Os números naturais, enteiros e decimais 8 sesións	2. Fraccións 8 sesións	3. Potencias e raíces 8 sesións	4. Problemas de proporcionalidade e porcentaxe 8 sesións	5. Secuencias numéricas 12 sesións
2ª AVALIACIÓN	6. O linguaxe alxébrico 10 sesións	7. Ecuacións de 1º e 2º grao 7 sesións	8. Sistemas de Ecuacións 7 sesións	9. Funcións e Gráficas 7 sesións	10. Funcións lineais e cadráticas 8 sesións
3ª AVALIACIÓN	11. Elementos da xeometría plana 9 sesións	12. Corpos xeométricos 9 sesións	13. Transformacións xeométricas 8 sesións	14. Táboas e gráficas estatísticas 7 sesións	15. Parámetros estatísticos 7 sesións

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 4º ESO

1ª AVALIACIÓN	1. A linguaxe matemática 8 sesións	1. Números Reais 10 sesións	2. Polinomios e fraccións alxébricas 12 sesións	3. Ecuacións, inecuacións e sistemas 10 sesións	
2ª AVALIACIÓN	4. Funcións. Características 8 sesións	5. Funcións elementais 8 sesións	6. Semellanzas. Aplicacións 12 sesións	7. Trigonometría 12 sesións	
3ª AVALIACIÓN	9. Xeometría analítica 8 sesións	10. Estatística 8 sesións	11. Distribucións Bidimensionais 8 sesións	12. Combinatoria 8 sesións	13. Cálculo de probabilidades 8 sesións

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 4º DE ESO

1ª AVALIACIÓN	1. Números enteiros e racionais 10 sesións	2. Números decimais 8 sesións	3. O conxunto dos números reais 7 sesións	4. Problemas aritméticos 8 sesións	5. Expresións alxébricas 10 sesións
2ª AVALIACIÓN	6. Ecuacións 8 sesións	7. Sistemas de ecuacións 8 sesións	8. Funcións. Características 9 sesións	9. Funcións elementais 10 sesións	
3ª AVALIACIÓN	10. Xeometría 13 sesións	11. Estatística 9 sesións	12. Distribucións Bidimensionais 9 sesións	13. Probabilidade 8 sesións	

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de avaliación comezará cunha avaliación inicial, a cal ten por obxectivo obter información sobre a situación de cada alumno ou alumna ao iniciar o proceso de aprendizaxe para adecualo á realidade e as posibilidades dos alumnos.

En relación coa avaliación ordinaria, realizaranse de setembro a xuño tres avaliacións parciais. No caso de non superar a avaliación final e ordinaria de xuño, terán unha avaliación final extraordinaria a realizar no mesmo mes de xuño, que consistirá nunha proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación que nos poden ofrecer información necesaria para detectar o nivel alcanzado por cada estudante, os seus progresos persoais e as dificultades ás que se enfrontan, serán:

As **probas específicas (controis)**, para constatar se o estudantado alcanzou os obxectivos e é capaz de aplicar os conceptos e procedementos desenvolvidos nos temas. Estes se concretarían en exames escritos (en caso xustifico, probas orais) sobre os contidos e destrezas, que integren teoría e exercicios. Faráselles como mínimo dous controis por avaliación.

As **tarefas obrigatorias**, para comprobar o traballo na casa, que poden ser follas de exercicios ou traballos sobre un tema específico, en modo individual ou en grupo, con entrega por escrito ou mediante unha exposición oral ante os compañeiros.

A **observación directa do alumnado**, para comprobar o seu traballo na aula, mediante a observación do respecto a os seus compañeiros e a si mesmo, e sobre todo a participación e esforzo, ... que serán reflectidas no caderno do profesor.

Criterios de Cualificación

A cualificación de cada trimestre para as matemáticas de 1º e 2º ESO, e máis para as matemáticas académicas de 3º e 4º, será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados:

Procedementos	Instrumentos	Ponderación
Probas específicas	Exames escritos	80%
Tarefas obrigatorias	Actividades propostas para entregar ou expoñer	10%
Observación directa	Caderno do profesor	10%

No caso particular das matemáticas aplicadas de 3º e 4º ESO:

Procedementos	Instrumentos	Ponderación
Probas específicas	Exames escritos	70%
Tarefas obrigatorias	Actividades propostas para entregar ou expoñer	20%
Observación directa	Caderno do profesor	10%

Para poder aprobar cada avaliación deberanse aprobar as probas específicas.

Respecto as **probas específicas**, en cada avaliación faranse cando menos dúas probas escritas que agrupen os diferentes temas impartidos. Se o alumno obtén máis dun 4,5 en cada unha delas, farase a media ponderada coas tarefas obrigatorias e a observación directa na aula. De persistir unha nota superior ao 4,5, o alumno aprobará a avaliación e calcularase a nota correspondente ao trimestre redondeando a súa cualificación ao número enteiro máis próximo. Ao final do trimestre, realizarase un exame de recuperación na que os alumnos poidan recuperar os exames parciais suspensos ou mellorar as súas notas, conservando para a parte das probas escritas a nota máis alta entre a media ponderada de probas escritas parciais e a recuperación do trimestre.

A valoración das **tarefas obrigatorias** realizarase tendo en conta a presentación (10%) e o traballo nos procedementos (90%), dentro do prazo esixido polo profesor.

A cualificación de cada avaliación indícarase en cifras, sen decimais, considerándose aprobado cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Recuperacións

Os alumnos con algunha avaliación suspensa ou que desexen subir nota poden facer unha proba de recuperación de avaliación ao final de curso. Para os efectos de cálculo de cualificación final, terase en conta as cualificacións máis altas das probas escritas, entre as da avaliación e da recuperación.

Criterios para a cualificación final

Para a avaliación final ordinaria do mes de xuño, a cualificación obtense como a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, redondeando ao enteiro máis próximo. Se a media obtida fose maior ou igual a cinco considerárase superada a materia, estando suspensa en caso contrario.

Avaliación final extraordinaria de xuño

No caso de non superar a materia en xuño, o alumno ou alumna deberá presentarse ás probas extraordinarias de xuño. As probas serán cualificadas de 0 a 10 puntos e considerárase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Indicadores de competencias básicas

Os indicadores serán: Non amosa as destrezas propostas no indicador, amosa o indicador con axuda, amosa o indicador cando se lle solicita expresamente, amosa o

indicador na maior parte das ocasións, adquiriu e amosa as destrezas propostas.

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva

Están recollidos no apartado correspondente a cada curso da programación. Serán utilizados como referencia básica durante todo o curso académico, pero, en especial, cando teñan que ser avaliados por un procedemento extraordinario: exame extraordinario de xuño, avaliación de alumnos pendentes, ... Estarán expostos dende o mes de outubro ata o final de curso, en administración e na propia web, para coñecemento de toda a comunidade educativa.

PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Antes de nada, hai que sinalar que no caso das materias de matemáticas o decreto de avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obrigatoria establece que a cualificación positiva dunha materia implicará a superación das materias pendentes por ter contidos progresivos. Ademais, cando un alumno ou alumna promocióne ao curso seguinte con avaliación negativa na área de Matemáticas se establecerán medidas complementarias para axudar ao alumno a alcanzar os obxectivos programados.

Os alumnos con matemáticas pendentes recibirán por parte do profesor de matemáticas do curso actual material para preparar a recuperación da asignatura pendente, baseándose nos coñecementos progresivos que está recibindo na aula. Se o alumno non aproba as matemáticas do curso actual nas convocatorias ordinaria e extraordinaria de xuño, deberá presentarse as probas escritas ordinaria e/ou extraordinaria de xuño, tendo en conta o temario impartido cando cursou a asignatura pendente.

Neste curso 2021/22 comeza o curso só unha persoa con matemáticas pendente do curso anterior, que cursa 2ºESO e ten pendentes as matemáticas de 1º ESO.

MEDIDAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)

Nos cursos da ESO atopamos a varios alumnos con NEAE. En 1º ESO un alumno con TDA. En 2º ESO hai un TDAH e dous TDA, e tamén unha ACS a nivel de 5º de educación primaria. En 3º ESO hai un TDAH e dous TDA, máis unha nova ACS, con un nivel de primer curso de primaria. Todos estes alumnos recibirán, no tempo en que permanezan na aula, unha educación que cumpra os protocolos establecidos para adaptar a ensinanza á súa necesidade.

Asimesmo, os **Programas de reforzo en Matemáticas** estarán baseados nos mínimos esixibles para o curso que corresponda, e suporán a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado en ditos mínimos.

Tamén, o alumnado repetidor seguirá un programa orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no Informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso da avaliación inicial..

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os contidos transversais establecidos son a educación moral e cívica, a educación para a saúde, para o consumo e para o coidado do medio ambiente. Entre os puntos a detallar, destacamos as seguintes concrecións:

Aplicar a lóxica e o método xeral de resolución de problemas a todas as ramas do saber.

Cálculo de porcentaxes para poder desenvolverse mellor no ámbito financeiro.

Consumidor responsable ó interpretar datos numericamente. Entender conceptos de física utilizando a notación científica para expresar números grandes

ou pequenos.

As matemáticas na natureza a través dos números: irracionais, número áureo, proporcións...

Ver as aplicacións das progresións en problemas de colleitas, aumento da poboación, producións industriais....

Porcentaxes nos medios de comunicación.

Importancia das matemáticas na historia da humanidade.

Aplicar a álgebra como linguaxe na física, na química,...

Valorar a xeometría para a agrimensura e conciencialos sobre a necesidade de coidar o noso contorno, sobre todo o agrícola ou boscoso, que tantos beneficios nos achegan.

Axudar aos estudantes a valorar os produtos como consumidores que son.

Elementos artísticos, arquitectónicos, de enxeñería o decoración, presentes en moitas culturas, como a árabe, a cristiá medieval, mesmo manifestacións artísticas do século XX constrúense seguindo leis matemáticas.

Informacións sobre saúde, hábitos hixiénicos, prevención de enfermidades, gastos sanitarios, propagación de epidemias, etc., baseadas en gráficas de funcións.

Estatísticas sobre violencia doméstica, ruptura de relacións, número de denuncias e de sentenzas, estatísticas sobre delincuencia, etc ...

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como un dos obxectivos da educación é o desenvolvemento integral do individuo, as actividades non deben restrinxirse ás que se desenvolve usualmente dentro do ámbito da clase. Neste sentido, na medida das nosas posibilidades colaboraremos coas propostas do Centro ou doutros departamentos. De seguido, propóñense unha lista de actividades que, no caso de realizarse, serán temporalizadas e se concretarán nas reunións de Departamento:

Realización de murais en relación tanto de contidos matemáticos como celebracións (Constitución, dereitos humanos, día da Paz, ...).

Concurso/exposición de fotos matemáticas.

Elaboración de estatísticas referidas á comunidade educativa ou á localidade.

Celebración do aniversario dalgún matemático.

Celebración do “Día das Matemáticas”.

Concursos de AGAPEMA (Olimpiada de 2º ESO, Esopias, ...).

Proxecto ESTALMAT (Estimulación do Talento Matemático).

Rally matemático e científico sen fronteiras.

Canguro matemático.

APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA

Os docentes, ademais de atender ao feito instrumental dos contidos do centro, tamén deben centrar o seu traballo titorial e instaurar hábitos educativos correctos, dentro do proxecto educativo integral do alumno. Faise necesario buscar un equilibrio entre comportamentos e habilidades, tanto para o aprendizaxe como para a convivencia escolar e social en xeral, Polo que no proceso educativo seguiremos as seguintes pautas:

Desenvolvemento de actitude de solidariedade, pacifismo e respecto.

Tolerancia e valoración de actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos pertencentes a culturas distintas á nosa.

Fomento dun vocabulario axeitado a un centro educativo.

Colaboración no cumprimento do PRI.

Rexeitamento de conductas que dificulten a convivencia.

Respecto polo medio ambiente.

Contribución no día a día na educación do alumno como cidadáns.

Promoción de pautas de vida saudable

APORTACIÓNS AO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL

Entre as ferramentas para o fomento das TIC na área de matemáticas destacamos a calculadora e o ordenador.

En relación coa calculadora, será de uso habitual en practicamente todos os temas da materia, para verificar ou comprobar nos cursos inferiores e para calcular en cursos superiores.

Respecto ao ordenador, o usaremos para a procura de información en Internet, traballo con follas de cálculo ou o uso do Geogebra para temas de xeometría. O centro dispón dunha única sala de informática, polo que haberá que ter en conta a dispoñibilidade da aula. Tamén teremos en conta que o libro de texto trae un CD para o alumno que lle serve para practicar exercicios, tanto para reforzar as explicacións como para afondar nos temas.

Sinalar que en 1º ESO, o centro desenvolve o proxecto Edixgal, co cal dispoñen de novos recursos. En 4º da ESO, estaremos en contacto co coordinador das TIC sobre o grao de coñecemento dos alumnos sobre bases de datos, para a súa aplicación nos temas de Estatística.

Ademáis, facilitaremos ao alumnado referencias bibliográficas de páxinas web nas que atopen información e actividades sobre os aspectos tratados na aula, para reforzar ou ampliar os seus coñecementos.

APORTACIÓNS AO PROXECTO LECTOR

Nos libros de texto temos, ao comezo de cada tema, lecturas que son de gran interese como introdución, baseados en feitos históricos.

Polas características desta asignatura, promóvese a lectura coidadosa dos enunciados. E, de cando en cando, faise referencia a contos clásicos que describen problemas matemáticos.

Tamén, o docente encargado de impartir cada materia reservarase o dereito de propoñer libros de lectura voluntarios relacionados coas matemáticas. Estes serán escollidos polo docente, atendendo ao nivel educativo do grupo e da etapa. Para elo, dispoñemos de libros específicos na biblioteca do centro e no seminario de matemáticas.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE

Para poder avaliar e mellorar a nosa práctica docente establecemos unha serie de indicadores de logro que recollen dúas dimensións básicas: tanto o proceso de ensinanza-aprendizaxe (planificación do proceso; desenvolvemento da actividade docente; e avaliación do proceso) como a dedicación ao centro (participación en órganos e actividades; orientación e titorías; participación en proxectos de innovación). Construimos entón a seguinte lista de 25 indicadores, puntuada de 0 a 4 (0 inadecuado, 1 insuficiente, 2 básico, 3 competente, 4 excelente).

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
3. Mantívose un contacto continuo coas familias por parte do profesorado.
4. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.
5. Adptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con neae.
6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con neae.
7. Ofrécense a cada alumno as explicacións individualizadas que precisa.
8. Potencianse estratexias de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de comentar os seus traballos e exames, amosándolle os aspectos máis significativos.

11. Adecuación das ACS propostas e aprobadas.
12. Adecuación das medidas de apoio e reforzo.
13. Planifica anticipadamente as actividades diarias.
14. Impártense todas as unidades da PD na temporalización estimada.
15. Aténdense aos alumnos coa materia pendente, proporcionándolles material e apoio educativo adecuado.
16. Potenciase estratexias de expresión e de comprensión oral e escrita.
17. Participa activamente no Claustro e interésase polas decisións do centro.
18. Propón e participa en actividades complementarias e extraescolares.
19. Informa aos profesores titores e aos profesores interesados de calquera incidencia salientable na educación dos alumnos.
20. Colabora con outros departamentos en ensinanzas transversais e/ou fanse referencias transversais con contidos doutras asignaturas.
21. Participa en proxectos de innovación e investigación.
22. Continua a súa formación coma docente.
23. Participa na confección, coordinación e revisión da Programación Didáctica, e tamén da Memoria final.
24. Adapta a PD a cada grupo segundo as súas características (diversidade dos alumnos, circunstancias orixinadas pola pandemia do COVID19, resultados que vai obtendo do alumnado, ...).
25. Implícase o profesorado nas funcións de titoría e orientación.

A suma de puntuación dos 25 apartados reporta un valor entre 0 e 100 puntos, que cuantificará (sen detalles) a labor do docente. En concreto, no curso 2020/21, nun test similar, obtívose unha puntuación global de 74 sobre 100. En función dos resultados obtidos, podemos apreciar debilidades en innovacións, TICs e investigación, en parte motivadas polas deficiencias herdadas da falta de ensino presencial no curso anterior, que non deixou tempo máis alá do adicado a recuperar o ritmo educativo.

INCORPORACIÓN DAS PROPOSTAS DE MELLORA NA MEMORIA DO CURSO PASADO

As propostas de mellora realizadas na memoria do pasado curso foron:

1. Iniciar un aula virtual corporativa baseada en Moodle, que substitúa a privativa baseada en Classroom de Google: Neste curso a aula virtual Classroom foi eliminada en todos os cursos de secundaria, sendo substituída por EVA (asociada a Edixgal e baseada en Moodle) en 1ºESO e en Moodle en 2º, 3º e 4º ESO.

2. Fomentar a realización de tarefas nas que se empreguen aplicacións informáticas relacionadas coas matemáticas como, por exemplo, Geogebra: Farase unha formación neste sentido por parte do profesorado para podela aplicar este programa nos temas de xeometría e funcións.

3. Fomentar a utilización de ferramentas informáticas de apoio: Folla de cálculo, ferramenta de presentación (tipo Power Point), aplicación de test online (tipo Kahoot), ...: Dependerá dos recursos informáticos dispoñibles en cada asignatura, coa limitación de ter este curso académico dúas semanas menos.

4. Revisar a programación de 4ºESO en ensinanzas académicas en función da programación de 1º Bacharelato previsto no centro de referencia (IES de Pontepedriña), para mellorar a continuidade e suavizar a transición entre ambas:

Revisouse a programación de 1º Bacharelato no centro de referencia, e a programación das matemáticas académicas de 4º ESO está xa ben enfocada. Só quedan por dar números complexos e profundizacións en análise e estatística, que exceden os obxectivos da materia de 4º ESO.

5. Reaxustar algúns dos indicadores de autoavaliación da práctica docente. O 20 debe admitir a transversalidade na propia materia (sen colaboración externa) e o 17 debe ser substituído: Fixéronse os cambios sinalados, máis algún outro para centrarse máis no proceso de ensino-aprendizaxe que nas tarefas administrativas asociadas.

6. Recomendar resumos teóricos en cada tema para mellorar a atención dos alumnos con TDA: Este curso faranse resumos teóricos en 2º ESO e máis nas ensinanzas académicas de 3º e 4º ESO. Ao mesmo tempo, os libros virtuais de 1º ESO admiten, nalgúns casos, a edición por parte do profesor, o cal contribúe a unha maior personalización.

7. Despois de ter dado toda a materia este curso 2020/21 e supoñendo que os alumnos terán adquirido un nivel básico de coñecementos, aumentar no 2021/22 a diversidade de aplicacións destas ferramentas, máis alá dos exercicios tipo, en consonancia coas recomendacións e informes internacionais: Coa base adquirida no anterior curso, poderemos afondar na aplicación das matemáticas, estimulando a creatividade e a aplicacións a situacións reais..

8. Mellorar a transversalidade da materia, aumentando os casos prácticos aplicados a outras ciencias: Tentarase diversificar as aplicacións das ferramentas matemáticas, para que abrangan tamén a outras campos de coñecemento.

9. Axustar os criterios de cualificación para evitar ambigüidades: Cambiáronse os criterios de cualificación, para que fosen máis precisos.

ADDENDA: ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID-19 NO CURSO 2021/22

Obxectivo desta adaptación

O obxectivo desta adaptación é establecer as ferramentas que prevean continuar o proceso de ensinanza aprendizaxe dentro do marco da pandemia do COVID 19, anticipándose aos diferentes escenarios que puideran surxir, nos que se puideran suspender temporal ou permanentemente as clases presenciais.

Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2020/2021

Analizando a memoria do curso anterior:

En Matemáticas de 1º ESO do curso pasado, no grupo A impartíuse todo o temario, mentras que no grupo B faltaron por impartir os dous últimos temas da programación, e por examinar os últimos cinco. Faltarían neste grupo:

Resolve problemas moi sinxelos mediante: codificación do enunciado nunha ecuación, resolución da ecuación, interpretación da solución.

En Matemáticas de 2º ESO impartíronse todos os coñecementos previstos.

En Matemáticas orientadas a ensinanzas académicas de 3º ESO impartíronse todos os coñecementos previstos.

En Matemáticas orientadas a ensinanzas aplicadas de 3º ESO impartíronse todos os coñecementos previstos.

En Matemáticas orientadas a ensinanzas académicas de 4º ESO impartíronse todos os coñecementos previstos.

Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado

Nas primeiras dúas semanas de curso realizamos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de coñecementos dos alumnos, que utilizamos como punto de partida para o desenvolvemento do presente curso dentro dos parámetros do aprendizaxe significativo. Da

O feito de que a presente programación teña que ser entregada na primeira semana do curso impide que se poidan reflectir aquí os resultados desglosados.

Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar

O feito de que as matemáticas en secundaria se plantexen como un aprendizaxe a medio camiño entre repetitivo e progresivo fai que os mesmos conceptos se volvan a dar en anos consecutivos, esta vez con máis profundidade. Así, as aprendizaxes non adquiridas da metade de alumnos de primeiro curso serán subsanadas en 2ºESO, xa que eses dous últimos temas que quedaron sen dar volverán a ser dados e ampliados.

Temporalización

As asignaturas de matemáticas na ESO teñen un carácter acumulativo, non lineal. Os cursos están divididos en catro bloques: aritmética, álgebra, xeometría e estatística, que se van ampliando ano tras ano. O curso pasado déronse case a totalidade de coñecementos previstos en modo presencial. Por esta razón, non é necesaria unha temporalización excepcional máis alá de o recorte de dúas semanas debida ao recorte pola proba extraordinaria de xuño.

Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena: No caso de alumnos en corentena, procederase a establecer contacto por medio de videoconferencia no horario lectivo da materia, para que poidan seguir o desenvolvemento das clases do centro educativo dende casa. En caso de ter perdido algunha proba escrita, ésta se lle reprogramará para cuando reanude a súa asistencia presencial.

Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais: As medidas serán similares ao caso anterior, excepto que as videoconferencias sucederán cunha transmisión en directo do profesor, que puidera non estar presencialmente no centro educativo.

Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial: As probas específicas presenciais substituiranse por exames a distancia, ben con probas deseñadas para cumprimentar na web ou ben para resolver en papel e enviar unha copia escaneada o fotografada coas solucións.

Seguirán vixentes as tarefas obrigatorias, para comprobar o traballo na casa, que poden ser follas de exercicios ou traballos sobre un tema específico. A observación directa do alumnado evaluarase polo seu comportamento nas videoconferencias.

As clases por videoconferencia desenvolveranse con software específico de pizarra dixital (tipo Inkspace de Waco ou similar) que permita que os alumnos visualicen na súa pantalla o que o docente escribe nunha pizarra dixital ou nunha tableta. Con elo trátase de reproducir as clases presenciais da mellor forma posible.

Revisión do desenvolvemento da addenda

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do terceiro trimestre do curso 2021/22. Segundo o seu resultado, procederase á súa actualización para acometer o proceso de ensinanza aprendizaxe que reste.

En Boqueixón a 23 de setembro de 2021

Marco Antonio Figueroa Rodríguez

Xefe de Departamento de Matemáticas do CPI Antonio Orza Couto